

ASISTENTES:

**Alcalde:**

D. José Luis García López.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Torreiro González

D. Leonardo Bermúdez Taboada

D<sup>a</sup>. Natalia Pereira Rey

D<sup>a</sup>. Aurora Varela Duro

D. Inacio García Couso

D. Antonio Orois Valiño

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Rosario Vázquez Orois

D. Alfonso Orois Conde

D<sup>a</sup>. Cristina Castro Pampin

D. Alfonso Lodeiro Regueiro

D. Javier Rodríguez Vázquez

**Secretario:**

D. Juan Colmenares López-Soldado

**ACTA**

En Arzúa, 31 de agosto de 2012.

Sendo as 20:05 horas reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA

*Punto 1º) **LECTURA E***

***APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 30 DE XULLO DE 2012***

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación, con respecto á acta desa sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

***Punto 2º) RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRO PRESENTADA POR DON FRANCISCO XABIER PINTOR VAZQUEZ.-***

Dáse lectura do escrito dirixido ao Pleno do Concello, que foi presentado no Rexistro Xeral do Concello o día 21 de agosto de 2012 (*rexistrado de entrada ao número 1850*) por don **Francisco Xabier Pintor Vázquez**, concelleiro deste Concello pertencente ao Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, como consecuencia das Eleccións Locais celebradas o día 22 de maio 2011; mediante cuxo escrito expone: “*Que por medio do presente escrito presentou a renuncia a miña acta de concelleiro da Corporación de Arzúa, xa que logo, solicito se proceda a súa aceptación e posteriores trámites para a substitución correspondente*”

Coñecido o informe emitido polo secretario, con data 22 de agosto de 2012, no que se indica:

*“- Que a renuncia dun concelleiro ao cargo, é un dereito recoñecido polo artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.*

*- Que esta renuncia deberá facerse efectiva por escrito ante o Pleno da Corporación, posto que así se dispón no artigo 9 n° 4, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.*

*É dicir, o cese do concelleiro que renuncia debeo acordar o Pleno; sendo tal acordo un acto de mera constación reglada; ou o que é o mesmo, o seu obxecto consiste en verificar: se se dou o suposto de feito (a renuncia) e se se produciu ou non de forma válida.*

*Polo que, como acto de constatación, os seus efectos xurídicos retrotraense á data da renuncia.*

*- Que a xurisprudencia ven entendendo que o acordo debe ser tamén de aceptación da renuncia. Pero é evidente que, ao non ser o cargo obrigatorio, o Concello non poderá negarse a aceptar esta renuncia, sempre que se producira validamente, con constancia da vontade do renunciante.*

*- Que, unha vez adoptado o acordo aceptando a renuncia, deberá solicitarse a expedición da correspondente credencial, a favor do que deba substituír ao renunciante; tendo en conta para iso:*

*a) Que o artigo 15 n° 2 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral dispón que o mandato das Xuntas Electorais Provinciais e das Xuntas Electorais de Zona conclúe cen días despois das eleccións.*

*b) Que –segundo se indica na Instrucción de 19 de xullo de 1991 da Xunta Electoral Central- unha vez transcurra dito período de tempo, a expedición de credenciais aos Concelleiros, en caso de vacante, corresponderá á Xunta Electoral Central.*

*Polo que, en consecuencia, o acordo do Pleno sería:*

*1º) Aceptar a renuncia*

*2º) Declarar vacante o posto de concelleiro pois, senón non, non podería ser substituído, e*

*3º) Pedir a credencial, do seguinte da lista correspondente, á Xunta Electoral Central.*

---

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria este asunto;

Adoptándose -por unanimidade dos doce membros asistentes, sendo trece o número legal dos que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Quedar enterados e aceptar a renuncia ao cargo de concelleiro, presentada o día 21 de agosto de 2012 por don Francisco Xabier Pintor Vázquez; retrotraendo os seus efectos xurídicos a dita data.

**Segundo.**- Declarar vacante o cargo de concelleiro ocasionado con motivo desta renuncia, aos efectos de iniciar os trámites procedentes para a súa substitución.

**Terceiro.**- Solicitar á Xunta Electoral Central -por transcorrer o mandato das Xuntas Electorais de Zona- a credencial do seguinte candidato, que figura na lista electoral que o Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE presentou neste municipio con motivo das Eleccións Locais de 2011; debendo expedirse en consecuencia esa credencial a favor de dona Begoña Balado Conde, por ser a persoa que figuraba no seguinte lugar dentro desa lista electoral.

***Punto 3º) RESOLUCIÓN DUN RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLO CONCELEIRO SR. PINTOR VÁZQUEZ (DO PSDEG-PSOE), EN REPRESENTACIÓN DA AGRUPACIÓN SOCIALISTA, CONTRA UN ACORDO DO PLENO DO CONCELLO ADOPTADO NA SESIÓN DO DÍA 27 DE ABRIL DE 2012.***

Tendo en conta que a través de dito acordo se aprobaba o cambio de nivel de protección do Pazo de Brandeso, nos termos solicitados polo seu propietario, para deixar de estar incluído no Nivel III.- Protección Ambiental e pasar a quedar incluído no Nivel I.- Protección Integral, e iso previo o rexeitamento das alegacións que presentara o Sr. García Couso.

Cuxo acordo foi adoptado por seis votos a favor (do Partido Popular) e dous en contra (dos Sres Bermúdez Taboada e García Couso, del BNG), coa abstención de los tres restantes concexales del BNG, Sras. Varela Duro, Torreiro González e Pereira Rey, así como del Sr. alcalde.

Por indicación del Sr. alcalde el secretario dou lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno na sesión celebrada o día 28 de agosto de 2012; no seguinte sentido:

*“Comprobado que dito recurso foi presentado polo concelleiro Sr. Pintor Vázquez en representación da Agrupación Socialista, e despois de dar lectura dos informes emitidos –a requirimento do alcalde- polo arquitecto municipal, con data 19 de xuño de 2012 e polo secretario, con data 22 de xuño de 2012, en relación con dito recurso; emitíronse as seguintes opinións:*

*\*Pola presidenta desta Comisión informativa, Sr. Varela Duro (do BNG):*

*- Que aquel acordo de 27 de abril de 2012, foi obxecto dun recurso contencioso-administrativo, polo que este asunto será resolto polo Xulgado do Contencioso-Administrativo.*

- *Que este asunto xa foi debatido no seu día, e agora á vista dos informes emitidos, mantén a postura que adoptou na sesión do día 27 de abril de 2012.*

*\*Polo voceiro do grupo político do PP, Sr. Orois Valiño.- Para expoñer que este asunto xa foi debatido no seu día; e que agora está de acordo cos dous informes indicados, emitidos polo arquitecto municipal e polo secretario.*

*Tras manifestar os asistentes a esta comisión que o asunto do cambio de nivel de protección do Pazo de Brandeso xa fora suficientemente debatido noutras sesións.*

*Por unanimidade dos cinco asistentes (2 do BNG e 3 do PP) adoptouse o acordo de trasladar ao Pleno do Concello o pronunciamento sobre este asunto”.*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*\*Polo voceiro do grupo político do Partido Popular, Sr. Orois Valiño.- Para expoñer: que mantense no que se dixo na sesión da comisión informativa; que este asunto foi suficientemente debatido noutras sesións, e que non cambiamos ningún criterio dos que mantivemos neste asunto.*

*\* Pola voceira do grupo político do Bloque Nacionalista Galego, Sra. Varela Duro.- Para expoñer que se pronuncia na mesma liña exposta na sesión da comisión informativa.*

Cofecido o texto do recurso, e non producíndose máis intervencións, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria as peticións que contén dito recurso (*sendo estas as que deseguido se detallan, que foron lidas polo secretario*):

*a) Que se anule o acordo do Pleno de 27 de abril de 2012, polo que se cambia a cualificación do Pazo de Brandeso de nivel III a nivel I, e se proceda a completar o expediente administrativo con todos os informes debidamente motivados e detallados, no que se indiquen todos os edificios existentes no entorno e o seu nivel de protección, o pazo, a capela, o horreo e outros inmobles, con fotografías do seu estado de conservación e informes detallados.*

*b) Que respecto do propio inmovible do Pazo, polo arquitecto municipal se revisen as obras realizadas e as súas ampliacións de volumen e si éstas están acordo as características técnicas do nivel de protección que se pide.*

Adoptándose –por seis votos en contra do recurso de reposición (dos concelleiros do PP) e dous a favor (dos concelleiros do BNG, Sres. Bermúdez Taboada e García Couso) e coa abstención tanto do Sr. alcalde como das outras tres concelleiras do BNG, Sras. Varela Duro, Torreiro González e Pereira Rey- o acordo de rexeitar as peticións contidas no referido recurso de reposición.

**Punto 4º) MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL.**

Polo secretario informase:

**I)** Que o Pleno do Concello, na **sesión** celebrada o día **14 de xullo de 2011**, ao resolver sobre o punto 3º) da súa orde do día, nomeado “**Dar cumprimento ao establecido no artigo 38 del Reglamento de Organización, Funcionamiento e Régime Xurídico das Entidades Locais**”, acordou –por unanimidade de los trece membros asistentes-:

a) Que as sesións ordinarias se celebren os últimos venres de cada mes, ás vinte horas.

b) Que, por razóns de oportunidade e eficacia administrativa, poderase adiantar a celebración destas sesións en un ou dous días, para que haxa un marxe de tempo suficiente, co obxecto de preparar a documentación dalguno dos asuntos que vaian a ser tratados en ditas sesións, cuando existan uns prazos limitados para remitir esa documentación.

**II)** Que o Regulamento Orgánico Municipal, no seu artigo 55 nº 1, -tras a súa modificación polo acordo plenario adoptado na **sesión** celebrada o día **26 de outubro de 2011**- dispon:

*1.-O Pleno celebrará sesión ordinaria cunha periodicidade mensual, nas datas e horas que determine o Pleno do Concello; o cual será acordado na sesión a que se refire o artigo 38 del Reglamento de Organización, Funcionamiento e Régime Xurídico das Entidades Locais.*

**III)** Que na **sesión celebrada** polo Pleno do Concello o día **31 de xullo de 2012**, ao resolver sobre o punto 8º) da súa orde do día, nomeado “**Moción presentada polo grupo político do Partido Popular o día 8 de xuño de 2012, rexistrada de entrada ao número 1268**”, acordouse –por unanimidade dos trece membros asistentes- volver a modificar o R.O.M, para que el réxime de sesións ordinarias quede como estaba antes da súa modificación; (*a través dos acordos de 14 de xullo e 26 de outubro de 2011*); é dicir con carácter bimensual.

Tendo en conta os antecedentes expostos, o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes- os seguintes acordos:

**Primeiro**.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 55 nº 1 do Regulamento Orgánico Municipal, de maneira que o réxime de sesións ordinarias quede como estaba antes da modificación efectuada polo acordo adoptado na sesión

celebrada o día 26 de outubro de 2011, é dicir con carácter bimensual. Polo que, en consecuencia, o nº 1 dese artigo 55 quedaría redactado da seguinte forma:

*1.O Pleno celebrará sesión ordinaria cunha periodicidade bimensual, nas datas e horas que determine o Pleno do Concello; o cual será acordado na sesión a que se refire o artigo 38 del Regulamento de Organización, Funcionamiento e Régime Xurídico das Entidades Locais.*

**Segundo.**- Expoñer ao público o expediente no taboleiro de edictos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán presentar reclamacións e suxerencias.

**Terceiro.**- Que, para o suposto de que non se presenten reclamacións contra dita modificación, durante ese período de información pública, considerárase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

**Cuarto.**- Para o anterior suposto (de aprobación tácita) publicarase integramente, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, o texto do novo regulamento resultante da modificación introducida no mesmo, así como este acordo de aprobación.

Sen que poida entrar en vigor a modificación introducida ata que fora publicado o regulamento orgánico en dito Boletín, e transcorra tamén o prazo de quince días hábiles a que se refire o artigo 70 nº 2, en relación co artigo 65 nº 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril; e comezará a aplicarse esa modificación a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata que se produza a súa modificación ou a derogación expresa.

Aproveitando esta publicación para incluír no Regulamento Orgánico Municipal as modificacións que se acordaron introducir na sesión plenaria do día 26 de outubro de 2011, por canto que aínda non se levou a cabo a publicación íntegra daquelas modificacións.

***Punto 5º) DESIGNACIÓN DOS DOUS DÍAS QUE SE CONSIDERAN FESTIVOS LOCAIS NESTE CONCELLO PARA O ANO 2013.-***

Por indicación do alcalde, o secretario dou lectura do ditame emitido sobre este asunto pola Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 28 do presente mes; sendo o seu contido o seguinte:

*“Coñecido o escrito remitido polo Xefe Territorial de Traballo e Benestar, con data 14 de agosto de 2012, co número 60.803 de rexistro de saída (que fora recibido neste Concello o día 20 de agosto de 2012, sendo rexistrado de entrada ao número 1842), para que por este Concello se procedese á designación dos dous días que terán a consideración de festivos locais, con carácter retribuído e non recuperable neste termo municipal, para o vindeiro ano 2013, tendo coidado de que non coincidan cos días designados como festivos incluídos no calendario laboral para o ano 2013 nesta Comunidade Autónoma.*

*Por unanimidade dos cinco membros asistentes (2 do BNG e 3 do PP) acordouse propoñer ao Pleno do Concello que a designación deses dous días salise de entre os tres seguintes: os días 15 e 16 de xullo e o luns de Pascua.”*

---

Tendo en conta que os doce membros asistentes da Corporación Municipal estaban de acordo en que un dos dous días, que terán a consideración de festivo local, fose o martes día 16 de xullo, por ser o da conmemoración de Nosa Señora do Carme na vila de Arzúa.

O debate centrouse en cal sería o segundo de ditos días; emitíndose as seguintes opinións:

\*Polo Sr. Orois Valiño (voceiro do PP).- Que o grupo político do Partido Popular decantábase polo Luns de Pascua, para que non se sentisen agravadas as parroquias que integran o termo municipal, no suposto de designar como segundo día outro que coincidira coa festa patronal dunha parroquia determinada.

\*Pola Sra. Varela Duro (voceira do BNG):

- Que a proposta de que o segundo día fose o Martes de Entroido rexeitouse na sesión da comisión informativa.

- Que outra proposta que se planteara na comisión informativa foi a de que os dous días festivos locais fosen o 15 e o 16 de xullo; e ela considera que designar o Luns de Pascua prexudicaría menos que se se designan dous días seguidos como festivos locais.

\*Polo Sr. García Couso (concelleiro do BNG).- Que el proporía que o segundo días festivo local fose o Martes de Entroido, porque así se fixo ultimamente e porque se trata dunha festa con moito arraigo nas parroquias.

\*Polo Sr. alcalde.- Que, en Educación, xa figura o Luns de Pascua como non lectivo, no calendario escolar aprobado para o curso 2012/2013.

Non habendo unanimidade para concretar cal sería o segundo día festivo local; o alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria.

Pronunciándose:

\*A favor do Luns de Pascua.- Os seis concelleiros do Partido Popular e as Sras. Varela Duro, Torreiro González e Pereira Rey, e

\* A favor do Martes de Entroido.- Os concelleiros do BNG, Sres. Bermúdez Taboada e García Couso, así como o Sr. alcalde.

Polo que, en consecuencia, quedaron designados como días festivos locais, neste termo municipal, para o ano 2013: o Martes día 16 de xullo, por ser o día en que se conmemora a festividade de Nosa Señora do Carme, e o Luns de Pascua, día 1 de abril; ambos con carácter retribuído e non recuperable.

Acordándose por todos os membros da Corporación Local dar traslado dunha certificación deste acordo ao Xefe Territorial de Traballo e Benestar, para que proceda á integración dos dous días designados no Calendario Laboral do ano 2013.

## **B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL**

### *Punto 1º) ROGOS E PREGUNTAS.*

Tras preguntar o Sr. alcalde se algún concelleiro desexaba formular algún rogo ou pregunta.

Non se fixo uso deste apartado por ningún dos concelleiros.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde do Sr. Presidente dáse por rematado o acto, levantándose a sesión ás 20:30 h. do indicado día, estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á próxima sesión. Do que dou fe.



